



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN FORESTAL PARA O SERVIZO DE XESTIÓN DE BIOMASA E LIMPEZA DE MONTES NO CONCELLO DE LAXE DURANTE 9 MESES, PREVIA PRESELECCIÓN POLA OFICINA DE EMPREGO DE CARBALLO. PROGRAMA APROL RURAL XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA ANO 2021

BASES

PRIMEIRA.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal, na modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección de 1 Peón Forestal para a realización do servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, de acordo coa preselección realizada polo Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de emprego de Carballo; de acordo co establecido na Orde do 12/04/2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril), financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

SEGUNDA.-DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

O contrato laboral que se realizará coa persoa seleccionada será de duración determinada, empregando a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, cunha xornada laboral a tempo completo, por un período de 9 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

TERCEIRA.-CARACTERISTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

Peón:

Número de postos de traballo: 1 (UN)

Clase: persoal laboral temporal a xornada completa

Nivel de titulación mínimo esixido: non se esixe

Denominación do posto: peón

Funcións: xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe

Grupo de cotización: 10

Duración do contrato: 9 meses

Retribucións brutas mensuais: 1.108,33 € (paga extra incluída)

CUARTA.-CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

1.-Para seren admitidos ao presente concurso-oposición os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou ter nacionalidade de outro estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados membros.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

d) Estar desempleado inscrito como demandante de emprego como **Peón Forestal** no Servizo Público de Emprego de Galicia, na Oficina de Emprego de Carballo e figurar na relación de curriculums que envía a Oficina de Emprego de Carballo ao Concello de Laxe para a oferta presentada en relación con esta contratación.

e) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (TR351A, TR351B, TR351F, TR351G, TR352A, TR352B e TR352C).

f) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou equivalente. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

2.- Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.- Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

QUINTA.- Presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes para participar no concurso-oposición axustaranse ó modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e **deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello (con cita previa), durante os 3 días hábiles posteriores á comunicación por parte do Concello de Laxe aos candidatos preseleccionados pola oficina de emprego de Carballo**, previa presentación da oferta de emprego correspondente por parte do Concello.

A comunicación aos desempregados farase a través do teléfono ou do correo electrónico que figure na documentación remitida dende a oficina de emprego de Carballo.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tendo en conta a situación actual de pandemia provocada pola Covid-19 e para asegurar os principios de igualdade e non discriminación entre as persoas e para garantir en todo momento a seguridade e a protección das persoas aspirantes, o Rexistro Xeral presencial nas dependencias municipais será accesible mediante cita previa.

2.- Á instancia unirase inescusablemente:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia, así como da titulación requirida.
- c) Fotocopia da tarxeta de demandante de Emprego ou similar
- d) Declaración xurada de non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- e) Fotocopia do título de Celga 1 ou equivalente, se é o caso.

3.- Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De se-lo caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de se-lo caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

4.- Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

5.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

6.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do concello ou concelleiro en quen delegue ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

2.- No caso de habelos, os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>), para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.- Posteriormente, e de selo caso, elaborárase unha nova lista definitiva cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Na mesma resolución, o alcalde ou concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de comezo da proba práctica da fase de oposición, así como a composición do Órgano de selección, que se publicará igualmente no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>)

4.- A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 11ª.

SETIMA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.-O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

6.-O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

8.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

1.- Os aspirantes serán citados para o día sinalado para a realización das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, os aspirantes serán chamados de acordo coa Resolución do 29 de xaneiro de 2021 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2021) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación dos aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<Y>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.-Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que esté debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal,



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

4.-Para as persoas con minusvalías que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

5.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñecer a identidade do aspirante.

NOVENA.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Só se valorarán os méritos que queden correctamente acreditados polos aspirantes.

A) FASE DE OPOSICIÓN: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuación máxima: 10 puntos. Puntuación mínima: 5 puntos.

Os aspirantes serán convocados/as para as probas prácticas en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas, quedará excluído do proceso selectivo.

Os aspirantes que non obteñan a puntuación mínima establecida na fase de oposición (5 puntos), quedarán eliminados do proceso selectivo e polo tanto, non serán valorados na fase de concurso.

Probas prácticas: Consistirá na realización das seguintes probas prácticas:

- de manexo, destreza e desenvolvemento cunha desbrozadora manual e
- de manexo, destreza e desenvolvemento cunha desbrozadora telescópica,

Valorándose a rapidez, habilidade, coñecementos no manexo da mesma e o resultado acadado, realizándose nun tempo máximo de 10 minutos.

Puntuación máxima: 10 puntos.

Celga 1: Aqueles aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 solicitada nestas bases que superasen a fase de oposición, realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se calificará como apto ou non apto. A calificación na proba como non apto supón a exclusión por parte do candidato do procedemento de selección.

B) FASE DE CONCURSO: A puntuación máxima nesta fase será de 2 puntos.

Avaliaranse os seguintes méritos:

1. Formación (puntuación máxima: 1,00 puntos):

Cursos relacionados directamente coas funcións do posto organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

- Cursos de ata 20 horas: 0,05 puntos por curso
- Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2. Experiencia profesional en traballos realizados relacionados co posto de traballo ao que se opta (puntuación máxima: 1,00 puntos):

0,10 puntos por mes por servizos prestados como peón forestal en empresas privadas

0,20 puntos por mes por servizos prestados como peón forestal na administración pública.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo organismo competente que reflicte as tarefas desempeñadas ou calquera outra documentación fidedigna que permita comprobar o posto, a actividade da empresa e a duración do contrato de traballo.

Considéranse a estes efectos os meses de trinta días.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse tomando como referencia a xornada completa de 40 horas.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

A experiencia laboral no Concello de Laxe poderá acreditarse polo propio concello previa petición ou autorización do aspirante.

DÉCIMA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>)

A cualificación para cada exercicio e aspirante determinarase pola media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

No caso de empate nas puntuación de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a que obtivera maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa candidata que conte con maior puntuación no apartado de experiencia profesional por servizos prestados na administración pública. De non ser posible desfacerlo empate decidirase por sorteo

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formaliza-lo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no art. 61.8 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>), na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación será elevada ao sr. Alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o día seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Laxe.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación

4.- A resolución nomeando aos candidatos/as seleccionados/as será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

UNDÉCIMA.- BOLSA DE TRABAJO.

As persoas candidatas que superen o proceso de selección e non resulten seleccionadas para o posto de traballo por non acadar a puntuación suficiente pasarán a formar parte dunha **bolsa de traballo**, de tal maneira que, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formaliza-lo contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo sempre e cando os/as candidatos/as cumpran os requisitos establecidos no apartado terceiro para ser admitidos/as e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o remate do contrato.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

DUODÉCIMA .-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-O aspirante proposto presentará no Rexistro Municipal, no prazo de 5 días naturais, contados a partir da publicación da relación de aprobados no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>), os documentos seguintes:

- a.- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b. Fotocopia compulsada dos méritos alegados ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición dos mesmos.
- d.- Certificado médico oficial, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización do posto de traballo, supeditado en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- e.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- f.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- g.-Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- h.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.
- i) Xustificante de estar desempregado no momento de inicio da relación laboral.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DÉCIMO TERCEIRA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DÉCIMO CUARTA.-INCIDENCIAS.

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

Laxe, 9 de Xullo de 2021

O alcalde

José Luís Pérez Añón



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO I.- PROCESO DE SELECCIÓN DE PEÓN FORESTAL. PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

D. titular do D.N.I.
núm. e endereço a efectos de notificación
en rúa.....
nº..... piso..... C.P. Teléfono.: Correo
electrónico:.....

EXPÓN

- Que desexa participar no procedemento de selección de acceso libre para dar cobertura, mediante contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, de 1 peón forestal de acordo coas bases da convocatoria.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que a documentalmente achegada é auténtica.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello de Laxe ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego e Igualdade co obxectivo de xustificar a subvención concedida.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada no momento do inicio do proceso selectivo e, no caso de resultar seleccionado/a, na data de comezo do contrato.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha **X**):

Fotocopia do D.N.I.

Declaración xurada de non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a 9 meses con carga ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Documentación acreditativa da fase de concurso.

Polo exposto, **SOLICITA**, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia .

En.....a.....dede 2021.

Asdo.:

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO II.- DECLARACIÓN XURADA. PROCESO SELECCIÓN DE PEÓN FORESTAL. PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

D. titular do D.N.I.
núm. e endereço a efectos de notificación
en rúa.....
nº..... piso..... C.P. Teléfono.: Correo
electrónico:

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que

Non fun contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (TR351A, TR351B, TR351F, TR351G, TR352A, TR352B e TR352C).

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino o presente.

En.....a.....dede 2021.

Asdo.

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.